

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de maio de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración dun vehículo furgoneta para o Servizo Electromecánico do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021/C004/000015.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación da prestación dos servizos de colaboración na Inspección Tributaria Municipal e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000024.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo e para a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico en período voluntario e en período executivo e outras sancions e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021/C003/000004.

Tamén se acorda de inicio do expediente de revisión de oficio do acordo nº 15/429 adoptado na Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2020 de transmisión da parcela M1-A, do sector Sur-K dunha superficie de 1.200 metros cadrados, en virtude do convenio urbanístico asinado entre este Concello e dita entidade en data 27 de setembro de

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac35962074651327595.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-5-2021

2001

2. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas: para o acceso en propiedade a unha praza de analista sistemas/aplicacións pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en promoción interna (oep 2018); para o acceso en propiedade a sete prazas de administrativo/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na oep 2017, unha incluída na OEP 2018 e 5 incluídas na oep 2020); para o acceso en propiedade a unha praza encargado/a (brigada de zona rural) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018); para o acceso en propiedade a unha praza técnico/a superior electricista pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (oep 2018); para o acceso en propiedade a unha praza de técnica/o da escala de administración xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2020) e para o acceso en propiedade a catro prazas de técnica/o media/o de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (tres incluídas na OEP 2017 e unha incluída na OEP 2020).

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar en parte o escrito presentado por disconformidade coa valoración do presuposto de execución material das obras de construción de edificio na rúa Vázquez Queipo (matemático), 5, aplicada na liquidación núm. 10220559 (231/2020) notificada á entidade mercantil en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 20.230,23 €.

Tamén se acorda estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación núm. 10229918 (307/2020), xirada ao seu nome en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, polas obras de legalización e remate de muro de contención en parcela sita en o Seara, parroquia de San Xoán do Alto.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2021-2022.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a denegación da licenza urbanística para demolición de edificación e construción de nave na Estrada da Coruña. (expte: 2020/Y001/000108.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para substitución de ascensor existente, reforma de portal para a supresión de barreiras arquitectónicas e dotación de parada na planta baixo cuberta, en edificio de vivendas do portal rúa Azor, número 1. (expte: 2021/Y001/000107; para construción dunha nave de uso industrial na rúa Antonio Eleizegui López, número 11 (vial E, parcela K.3.5, P. . As Gándaras) (expte. 144/19); para legalización de instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa tunel de Oural, número 62. (expte: 2021/Y001/000008); para instalación de ascensor en edificio de vivendas existente sito na rúa Tui, número 16. (Expte: 2021/Y001/000113) e para reparación de muro contención separador da igrexa e o cementerio de San Lázaro. (Expte: 2020/Y001/000362.

Acórdase a denegación da licenza urbanística para a rehabilitación e ampliación de vivenda tradicional no lugar de Veiga da casa, Bacurín. (expte: 196/18).

Do mesmo xeito, acórdase a concesión da licenza urbanística para cambio de uso de 5 oficinas a vivenda, no edificio sito na rúa San Pedro, 21. (expte: 2021/Y001/000093.

6. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial "Proxecto de urbanización da mazá 214A de o PEPRI de Lugo". PU-222.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.